

CAMPIONATO PROVINCIAL ESCOLAR DE ORIENTACIÓN A PE**CAMPAMENTO VIRXE DO LORETO****PORTO DO SON – 29/03/2023****ORGANIZACIÓN:** Secretaría Xeral para o Deporte – Servizo de Deporte da Coruña**COLABORACIÓN:** Agrupación Deportiva Escolar As Rías, Asociación Deportiva e Cultural Arnela e Concello do Porto do Son**DATA, LUGAR E HORARIO**

Mércores, 29 de marzo, Campamento Virxe do Loreto, Porto do Son, co seguinte horario:

10:00.- Apertura de Secretaría. Acreditación dos participantes (Carné Xogade, DNI ou Pasaporte)

10:30.- Saída dos primeiros participantes.

13:00.- Peche de meta. Todos os participantes deben estar fora de carreira.

13:30.- Entrega de medallas aos/as 3 primeiros/as clasificados/as en cada categoría/subcategoría e clausura da actividade.

* Este programa podería variar dependendo do número de inscritos por categoría.

CATEGORÍAS

Infantil feminina e masculina: persoas nadas nos anos 2010 e 2009.

Cadete feminina e masculina: persoas nadas nos anos 2008 e 2007.

PARTICIPANTES

A competición é individual, e obteñen praza para o Campionato Provincial:

- Infantil Feminino: 30 primeiras clasificadas de cada zona (zona Coruña/Ferrol e zona Noia/Santiago).
- Infantil Masculino: 30 primeiros clasificados de cada zona.
- Cadete Feminino: 30 primeiras clasificadas de cada zona.
- Cadete Masculino: 30 primeiros clasificados de cada zona.

No suposto caso de que quedasen prazas vacantes, ben porque algunha das dúas zonas (Coruña/Ferrol ou Noia/Santiago) non as cubrisen, ou porque se asignase un maior número delas, ampliaríase o número de clasificados por categoría.

Por outro lado, no caso de que algún/algunha clasificado/a non poida asistir ao Campionato Provincial ou renuncie a facelo, pode deixar libre a súa praza para que entren os/as seguintes clasificados/as en cada categoría na proba na que participaron.

INSCRICIÓN

Gratuita. Ata ás 14:00 horas do 24 de marzo. Formalizárase por medio do responsable do centro educativo ou club, enviando a folla de inscrición que se achega ao Servizo Provincial de Deporte da Coruña (deportes.coruna@xunta.gal), con copia desta para a Asociación Deportiva e Cultural Arnela (adcarnela@gmail.com)

DESPRAZAMENTO

As entidades que precisen transporte, deberán solicitalo ao Coordinador da súa Zona, indicando nome e día da competición, nome da entidade solicitante, número de prazas solicitadas (só deportistas e responsables), hora prevista de saída, lugar de saída, enderezo de destino, hora prevista de regreso e nome e teléfono móbil da persoa de contacto.

A solicitude de transporte teñen que enviála antes das 14:00 horas de venres, 24 de marzo, unha vez que formalicen a súa inscrición na proba, aos correos que se indican de seguido:

Zona Coruña→sdbus.coruna@xunta.gal→Coordinador: Servizo de Deporte (tfno.: 881960767)

Zona Ferrol→deporteidadeescolar@hotmail.com→Coordinador: José Amando (660211720)

Zona Noia→adasriasdbus@gmail.com→Coordinador: Manuel Fontenlos (670564597)

Zona Santiago→paalva53@edu.xunta.gal→Coordinador: Francisco Álvarez (689459794)

SISTEMA DE CRONOMETRAXE

Utilizarase o sistema SportIdent como medio de control de tempos. A organización facilitaralle a cada participante un dispositivo que deberá ser utilizado exclusivamente por esa persoa. Á chegada dos centros á zona de competición, o responsable do mesmo deberá dirixirse á zona de secretaría e solicitar a bolsa de tarxetas do IES correspondente. Nesa bolsa irá tamén un listado dos participantes do centro e o código da tarxeta que lle corresponde a cada un deles. É moi importante non equivocarse na distribución de tarxetas xa que, de ocorrer, o participante vai saír na clasificación como “Erro en tarxeta”.

Se unha estación SportIdent fallase, débese proseguir a carreira. Non se poderá utilizar o sistema de rexistro de paso polas balizas co sistema de pinza clásica.

DESENVOLVEMENTO DA PROBA

- a) Carreira Sprint en bosque.
- b) Modalidade de orientación en liña, na que o participante terá que pasar por tódolos controis, seguindo obrigatoriamente a orde numérica.
- c) Saída individual contra reloxo, separando ós participantes dunha mesma categoría entre 1 e 2 minutos segundo o número de participantes.
- d) Haberá controis moi próximos, polo que é moi importante comprobar o número-código das balizas

- e) As tarxetas (PCards) teñen unha capacidade máxima de 20 “picadas” e os percorridos constan de entre 15 e 17 controis. Hai unha pequena marxe para corrixir posibles erros durante a carreira.
- f) O tempo estimado para o/a gañador/a en cada categoría estará entre 15 e 20 minutos.
- g) Establécese un tempo máximo de carreira para tódalas categorías de 60 minutos. Logo de pasados 60 minutos da saída do último corredor comezase a recoller as balizas do terreo.
- h) Prohíbese o uso de teléfonos móbiles e dispositivos que aporten datos xeográficos en toda a zona de carreira por parte dos participantes.
- i) Vídeo explicativo do deporte de orientación + Vídeo explicativo de como “picar” balizas cunha PCard.

MAPA

Campamento Virxe de Loreto.

Autor: Antonio Piñeiro. Actualizado no mes de marzo de 2023.

Normativa cartográfica: ISSprOM 2019.

Escala 1:2000

Equidistancia: 2 metros

DATOS DO MAPA

A zona cartografada é a do campamento Virxe do Loreto (42.7395, -8.9798), preto da vila de Porto do Son. Trátase dun mapa cunhas condicións ideais para a iniciación (pequena extensión, sen tráfico rodado, cun valado perimetral e con boa densidade de elementos básicos para o nivel de iniciación neste deporte).


O mapa do Campamento do Loreto ten unha extensión de 0,06 km². Trátase dun entorno propicio para as actividades de orientación e nel combínanse zonas abertas con partes boscosas, que permitirán expoñer ás/aos participantes a diferentes retos. Existen ademais, camiños e sendas que recorren o parque que servirán de axuda nas tomas de decisións d@s orientadores/as. Hai que destacar tamén a existencia de numerosos elementos singulares (edificios, setos,...) que servirán de claras referencias para a relocalización daqueles/as que nalgún momento se desorienten. O campamento ten un valado perimetral polo que a seguridade, sobre todo no alumnado con menor nivel de experiencia, está garantida.

ZONA DE CONCENTRACIÓN E ACCESO

As zonas de concentración, Secretaría e Saídas quedan establecidas na entrada Sur do campamento, ao pe da zona de esparcemento (merendeiro). Os autobuses poden acceder sen problema ata o mesmo punto de concentración. Deberán deixar aos nenos e nenas e aparcarse nas inmediacións. Os centros que vaian chegando á zona de competición deben concentrarse

na zona do merendeiro. Unha vez alí, os organizadores avisarán do comezo das saídas de cada centro, en función das franxas asignadas aos participantes.

Cando remate a proba, esa pode ser tamén a zona de recollida dos nenos. Os buses poden acercarse a ese punto e evitar así desprazamentos dos participantes.





PERCORRIDOS E CATEGORÍAS

Segundo a normativa existente para a actual tempada, establécense 4 categorías:

- > **INFANTIL MASCULINO (anos 2009-2010).**
- > **INFANTIL FEMININO (anos 2009-2010).**
- > **CADETE MASCULINO (anos 2007-2008).**
- > **CADETE FEMININO (anos 2007-2008).**

Cada unha das categorías contará cun percorrido específico. Ademais, e para evitar a alta concentración de orientadores/as nos distintos controis, dada a alta participación que se espera, preparáronse percorridos en bucle, polo que, cada percorrido, aínda tendo os mesmos controis, poderá ter orde de balizas diferentes. **É importante que os participantes comprobren perfectamente o código da súa baliza antes de picala, para evitar erros en tarxeta.**

PREMIACIÓN

Entregaranse medallas aos/ás tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría/subcategoría:

- INFANTIL FEMININO
- INFANTIL MASCULINO
- CADETE FEMININO

▪ CADETE MASCULINO

As 5 persoas que acaden os 5 primeiros postos de cada categoría terán dereito a participar no Campionato Autonómico Federado.


PROTOCOLO FISICOVID-DXTGALEGO XOGADE 2022/23

A proba segirá as medidas que dita o devandito protocolo e que se pode consultar na páxina web de XOGADE (<https://inscripcion-xogade.xunta.gal/>)

OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola organización do evento en coordinación co Servizo Provincial da Coruña.

ANEXO I – MAPA DO CAMPAMENTO VIRXE DO LORETO



* O mapa actual está actualizado á normativa cartográfica vixente polo que pode variar o aspecto levemente. Tamén están actualizados os cambios atopados no terreo durante a última revisión feita este mes de febreiro do 2023.

ANEXO 2 – LENDA MAPAS SPRINT

LENDAS MAPAS SPRINT ISSprOM 2019-2	
	Terreo aberto
	Terreo aberto con árbores/arbustos dispersos
	Terreo basto
	Terreo basto con árbores/arbustos dispersos :
	Bosque carreira fácil
	Vexetación: carreira lenta
	Maleza: carreira lenta
	Vexetación: carreira difícil
	Maleza: carreira difícil
	Vexetación: carreira moi difícil
	Árbore destacada / Árbore pequena destacada ou arbusto
	Obxeto especial de vexetación (cachopa ou árbore caída)
	Límites de vexetación
	Área pavimentada: tráfico lixeiro
	Área pavimentada: tráfico pesado
	Escaleira ou borde de área pavimentada / a distinto nivel
	Área pavimentada con árbores dispersas
	Camiño ou senda sen pavimentar
	Senda ou camiño estreito / pouco visible / vereas
	Muro pasable / Muro de contención pasable
	Muro impasable - Prohibido pasar
	Valado pasable
	Valado impasable - Prohibido pasar / Punto de cruce
	Edificación - Prohibido atravesar
	Pérgola ou área cuberta / Pilares
	Torre alta / Torre baixa
	Monumento ou estatua / Obxeto especial feito polo home
	Escaleira
	Pedra pequena / Pedra grande / Pilar de roca / Peñascal
	Cortado pasable
	Cortado impasable - Prohibido pasar
	Regato / Río pequeno / Pantano estreito
	Manancial
	Burato con auga / Pozo / Obxeto especial de auga
	Lago / Pantano impasable / pasable
	Curvas de nivel / Curvas maestras / Curvas auxiliares
	Área privada - Prohibido pasar
	Construción temporal - Prohibido atravesar

ANEXO 3 – DISTANCIAS E DESNIVEIS

PERCORRIDOS	CATEGORÍAS	Nº CONTROIS	DISTANCIA (Kms)	DESNIVEL (MTS)
R1	Infantil Feminino	16	1.1	30
R2	Infantil Masculino	16	1.1	30
R3	Cadete Feminino	17	1.3	35
R4	Cadete Masculino	17	1.3	35

* As distancias e desniveis están calculados automaticamente en liña recta entre controis. Estes valores nun terreo como este veranse incrementados entre un 10 e un 15 por cento no transcurso da carreira facendo un “percorrido ideal”.